

# Violencia Vicaria



A violencia vicaria sobre os fillos e fillas é unha forma de violencia machista. As fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como as nenas e nenos menores suxeitos á súa tutela, garda e custodia, son vítimas directas deste tipo de violencia, tal e como o recolle dende o ano 2015 a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Ademais, en ocasións os menores son utilizados polo maltratador para para facerlle dano á nai. É dicir: atopámonos ante unha forma de violencia vicaria.

**016**  
ATENCIÓN A VÍCTIMAS  
DE VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES



NIPO en línea: 048-21-243-X

## Queres saber máis?

Algúns signos de violencia vicaria sobre os fillos e fillas.

- Utiliza ás túas fillas e fillos para facerte dano.
- Ameaza con quitarchos.
- Ameaza con matalos, di que che vai dar onde máis te doe.
- Interrompe os tratamentos médicos dos teus fillos e das túas fillas cando están con el.
- Utiliza os momentos da recollida e retorno do réxime de visitas para insultarte, ameazarte ou humillarte.
- Fala mal de ti e a túa familia en presenza delas e eles.

**Pode un home que exerce violencia sobre unha muller ser un bo pai?**

**X NON.** Un maltratador que exerce violencia nunca poderá ser un bo pai, especialmente se está a utilizar aos fillos e fillas para facer dano a outra persoa.

**Que podo facer?**



Chama ao 016, un servizo de información e asesoramento xurídico onde te poderán asesorar. É gratuíto e confidencial.



**Son vítima de violencia de xénero. Quero que a miña filla ou fillo, menor de idade, reciba atención psicolóxica especializada. É preciso ter a autorización do seu pai?**

**X** NON. Simplemente precisarás comunicarllo previamente, pero non tes que solicitar a súa autorización.

- Dende o ano 2018, cando existe unha sentenza condenatoria, e mentres non se extinga a responsabilidade penal ou se iniciase un procedemento penal contra o proxenitor por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual dos fillos ou fillas comúns menores de idade, ou por atentar contra a súa parella ou exparella, bastará con:

- ✓ O consentimento da muller para a atención e asistencia psicolóxica das súas fillas e dos seus fillos menores de idade.

- ✓ Informar previamente ao proxenitor agresor.

- O anterior será igualmente aplicable, aínda que non se interpuxese denuncia previa, cando a muller estea a recibir asistencia nun servizo especializado de violencia de xénero, sempre que conte cun informe emitido polo devandito servizo que acredite que é vítima de violencia de xénero. Se a asistencia tivese que prestarse aos fillos e fillas maiores de dezaseis anos, precisarase en todo caso o consentimento expreso destes.

### Queres saber máis?

Consulta o [artigo 156 do Código Civil](#) tralas modificacións introducidas mediante o [Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto](#), de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero e a [Lei 8/2021, do 2 de xuño](#), pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

**A miña parella ou exparella está nun proceso penal por atentar contra a miña vida ou a das miñas fillas ou os meus fillos. É obrigatorio que os meus fillos ou fillas vexan ao seu pai?**

**X** NON. Con carácter xeral, non procederá o establecemento dun réxime de visita ou estancia. A regra xeral que se aplica é a suspensión do réxime de visitas e estancia, sendo unha excepción o seu mantemento.

- No caso de que xa existise un réxime de visitas ou estancia, suspenderase respecto do proxenitor que estea nun proceso penal iniciado por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou as súas fillas e fillos

- Aínda así, o Xuíz ou a xuíza poderá establecer un réxime de visita, comunicación ou estancia en resolución motivada no interese superior do menor e previa avaliación da situación da relación entre o pai e as fillas ou os fillos.

### Queres saber máis?

Consulta o [artigo 94 do Código Civil](#) e o [544 da Lei de Enxuzamento Criminal \(LECRIM\)](#), tralas modificacións introducidas coa aprobación da [Lei 8/2021, do 2 de xuño](#), e a [Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño](#), de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

**A miña parella ou exparella non está incurso nun proceso penal, pero as autoridades xudiciais advirten, a partir dos testemuños, que existen indicios fundados de violencia de xénero. É obrigatorio que os meus fillos e fillas vexan ao seu pai?**

**X** NON. Con carácter xeral, tampouco procederá o establecemento dun réxime de visita ou estancia: a regra xeral é a suspensión de visitas e estancia, sendo unha excepción o seu mantemento.

### Queres saber máis?

Consulta o [artigo 94 do Código Civil](#), tralas modificacións introducidas coa aprobación da [Lei 8/2021, do 2 de xuño](#) e a [Lei Orgánica 8/2021, de 4 do xuño](#).